

Praza número: 26/1013

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 10 horas do día 15 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	Manuel Alberto Gómez Suárez
Secretaría:	Octavio del Campo Villares
Vogal 1º:	María Berta Rivera Castiñeira
Repr. persoas traballadoras:	Elena M. Sánchez de Paz

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterios de aplicación xeral

- *Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1. Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: Fundamentos da Análise Económica, Historia e Institucións Económicas, e Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa. Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.*
- *Cando un mérito poida ponderarse polo número de autores, aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores: 1 a 3 autores/as: 1 punto; 4 ou máis autores/as: 0,5*
- *Cando deba valorarse se un centro é de prestixio, consideraranse como tales os que figuran no QS World University Rankings by Subject 2025 na categoría de Economics & Econometrics, e as Universidades que constitúen a alianza EMERGE.*
- *Cando a un mérito se lle apliquen varios coeficientes parciais de ponderación, estes agruparanse nun único coeficiente, que será o que se aplique. Se o seu efecto total é inferior ao mínimo establecido na normativa, aplicarase este último.*

Praza número: 26/1013

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador* e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA

1. Expediente académico (grao e máster, ou licenciatura)

Criterios específicos: Consideraranse como pertencentes á especialidade de coñecemento da praza as titulacións de Economía, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais ou similares. Consideraranse como afíns as titulacións relacionadas co márketing, comercio, contabilidade, turismo (ou similares). As titulacións adscritas a outros ámbitos de coñecemento consideraranse como non afíns.

2. Tese de doutoramento

Criterios específicos: A comisión establecerá o grao de afinidade en función da información dispoñible; en particular, a rama ou especialidade de adscrición do programa de doutoramento e a área de coñecemento dos/das directores/as e das publicacións derivadas, entre outros.

II. EXPERIENCIA DOCENTE

2. Calidade docente

- b) manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro)

Criterios específicos: Terase en conta o prestixio da editorial. Para isto seguirase a catalogación de editoriais de Scholarly Publishers Indicators (SPI). En editoriais internacionais: Libro completo: 4 puntos, Capítulo de libro: 1 punto. En editoriais nacionais: Libro completo: 2 puntos, Capítulo de libro: 0,5 puntos. Quedan expresamente excluídos deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN. Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

- c) participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso)

Criterios específicos: Só se considerarán proxectos obtidos en convocatorias competitivas cun mínimo de 1 ano de duración. Internacionais ou nacionais: 1 punto por ano (coordinador), 0,5 puntos por ano (membro do equipo), Outros: 0,5

Praza número: 26/1013

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

puntos por ano (coordinador/director), 0,25 puntos por ano (membro do equipo). Participación en Grupos de Innovación Docente recoñecidos: Coordinador: 0,5 puntos por ano, Membro do equipo: 0,25 puntos por ano

- d) estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Criterios específicos: Valoraranse con 0,2 puntos por mes. Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

- e) mobilidade docente STA ou similares (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Criterios específicos: Valoraranse con 0,2 puntos por estadía. Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais. Non se considerará a mobilidade docente con fins formativos.

- f) premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Criterios específicos: Carácter internacional: ata 2 puntos, Carácter nacional: ata 1 punto, Outros: ata 0,5 puntos

- g) artigos de docencia publicados en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Criterios específicos: 2 puntos por artigo publicado en revistas incluídas no listado Economic Education Academic Journals da American Economic Association. 1 punto por artigo publicado noutras revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS. Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

- h) comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado)

Criterios específicos: Só se considerarán congresos en innovación docente e docencia organizados ou avalados por asociacións académicas ou científicas recoñecidas: 0,5 punto por comunicación presentada en congresos de carácter internacional; 0,25 puntos por comunicación presentada en congresos de carácter nacional ou autonómico. Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN

- 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro)**

Praza número: 26/1013

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

Artigos en revistas científicas

Criterios específicos:

Con respecto á afinidade coa especialidade de coñecemento da praza:

Para os artigos publicados en revistas científicas, entenderase que os méritos pertencen á especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso se se trata de investigación publicada en revistas incluídas nunha ou máis das seguintes categorías das bases de datos que se especifican: “Economics and Econometrics” da base Scopus; “Economics” e “Planning and Development” da base Web of Science, e “Economics, Econometrics and Statistics”, “Regional Studies, Planning and Environment” e “Sectoral Studies” da Academic Journal Guide da Chartered Association of Business Schools. Os artigos publicados en revistas clasificadas nas restantes categorías de Scopus, Web of Science e Academic Journal Guide, consideraranse como de especialidades non afíns.

Con respecto á calidade, aplicarase un coeficiente multiplicador segundo a posición da revista na Academic Journal Guide (AJG) da Chartered Association of Business Schools (CABS) de 2025: Categorias 4*, 4 e 3: 1, Categoría 2: 0,75, Categoría 1: 0,5. Ás revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS non incluídas no AJG aplicaráselles un coeficiente multiplicador de 0,25.

As publicacións en revistas non incluídas no AJG, SCOPUS e WoS non serán valoradas.

Libros e capítulos de libro

Criterios específicos: Terase en conta o prestixio da editorial. Para isto seguirase a catalogación de editoriais de Scholarly Publishers Indicators (SPI). En internacional: Libro completo: 2,5 puntos, Capítulo de libro: 0,5 punto. En nacionais: Libro completo: 1 punto, Capítulo de libro: 0,25 puntos. A comisión valorará caso por caso a afinidade de cada libro ou capítulo de libro coa especialidade de coñecemento da praza.

2. Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Criterios específicos: Aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador segundo o carácter da asociación científica organizadora do congreso: Internacional de prestixio (AEA, EEA, ...): 1, Nacional de prestixio (AEE, AIDE, ...): 0,5. Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores

4. Estadías pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Criterios específicos: Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

Praza número: 26/1013

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Economía Aplicada

Departamento: Economía

- 7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos.** Só poderá presentar un máximo de 5 méritos.

Criterios específicos: Os informes técnicos realizados por encargo dunha institución pública ou privada de prestixio valoraranse con ata 2 puntos se teñen carácter internacional; ata 1 punto se teñen carácter nacional; ata 0,5 se teñen carácter autonómico, e ata 0,25 se teñen carácter local. Actividades de divulgación: ata 1 punto por cada mérito, segundo a súa relevancia e afinidade, para a súa valoración será necesario demostrar fehacientemente a súa autoría.

A Coruña, 15 de xullo de 2026.

A presidencia,

A secretaría,